



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Secretaría

*Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de oficial albanel fontaneiro, correspondente a OEP do Concello de Fene do ano 2024*

##### ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 344/2026, de data 16.03.2026, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE OFICIAL ALBANEL FONTANEIRO, CORRESPONDENTE A OEP DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2024

Expediente: 2025/E001/000023; 2025/G003/001605; 2026/G003/000340

Na Xunta de Goberno Local do 02.10.2025 acordouse aprobar as bases e convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de oficial albanel fontaneiro que figura como vacante no cadro de persoal do Concello de Fene e foi incluída, na OEP 2024 (BOP núm. 244 do 19.12.2024).

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no BOP núm. 193 do 09.10.2025. O 28.10.2025 foi publicado no BOP núm. 206 do 28.10.2025 unha corrección de erro das ditas bases. Así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOGA núm. 219 do 12.11.2025), e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE núm. 280 do 21.11.2025). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 11.12.2025.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1597/2025 do 19 de decembro aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas outorgándose un praz de dez (10) días hábiles para emendas e alegacións, prazo que rematou o 20.01.2026.

Durante o dito prazo presentaron emendas: Marcos Fresco Faraldo achegando o Título de Graduado en Educación Secundaria, Sergio Galego Martínez presenta alegación indicando que a titulación presentada é compatible coa titulación esixida, Iván Lamelas Insua achegando certificación académica de Bacharelato así como de ciclos formativos, Roberto Martínez Barros achega certificación do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e Cándido Eusebio Prieto Lago achega o Anexo I.

Á vista do que antecede, consonte ao disposto nas bases reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar as emendas achegadas no prazo conferido para o efecto por Marcos Fresco Faraldo, Cándido Eusebio Prieto Lago e Roberto Martínez Barros, e en consecuencia decláralas admitidas.

Así mesmo, admitir o certificado académico de bacharelato e ciclo formativo de grado superior presentado por Iván Lamelas Insua en base ao artigo 5 da Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharel regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que dispón:

“Artigo 5. Acreditación.

Excepto para as equivalencias establecidas no punto 4 do artigo 3, a presentación do título ou da certificación académica dos estudos ou probas requiridos en cada caso e a mención a esta orde, será suficiente para a acreditación da equivalencia co título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou o título de Bacharel, sen necesidade doutro trámite administrativo.”

Sendo devanditos títulos anteriores a LOE, son equivalentes nos termos sinalados no Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

**SEGUNDO.-** Rexeitar as emendas presentadas por Sergio Galego Martínez debido a que a orde do 28 de xuño de 1979 sobre adaptación dos Capataces agrícolas ao réxime de ensinos especializados de Formación Profesional de segundo grao non establece en ningún caso a equivalencia do diploma cun título de formación profesional de grado medio, e o interesado non presenta a equivalencia do Ministerio de Educación e formación profesional da titulación esixida nas bases.

**TERCEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas que se relaciona a continuación:

| Nº  | APELIDOS E NOME                 | DNI NÚM   | CELGA 3 ou equivalente | OBSERVACIÓNS                                       |
|-----|---------------------------------|-----------|------------------------|----------------------------------------------------|
| 1   | Díaz Veiga, José Luis           | ***7035** | SI                     | Solicita realizar probas escritas en lingua galega |
| 2.  | Fernández García, Manuel        | ***5943** | SI                     |                                                    |
| 3.  | Fresco Faraldo, Marcos          | ***9165** | SI                     |                                                    |
| 4.  | García Blanco, Diego            | ***2864** | SI                     |                                                    |
| 5.  | González Rodríguez, Manuel José | ***1719** | SI                     |                                                    |
| 6.  | Lamelas Insúa, Iván             | ***0832** | SI                     |                                                    |
| 7.  | López Mosquera, Jorge           | ***3139** | SI                     |                                                    |
| 8.  | Martínez Barros, Roberto        | ***9813** | SI                     |                                                    |
| 9.  | Permuy Río, David               | ***8069** | SI                     | Solicita realizar probas escritas en lingua galega |
| 10. | Prieto Lago, Cándido Eusebio    | ***6039** | SI                     |                                                    |
| 11. | Puentes González, Jose Herminio | ***8376** | SI                     | Solicita realizar probas escritas en lingua galega |
| 12. | Santamariña Otero, Antonio      | ***6058** | SI                     |                                                    |
| 13. | Sánchez Díaz, Carlos            | ***4519** | SI                     |                                                    |

**CUARTO.-** Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes excluídas que se relaciona a continuación:

| Nº | APELIDOS E NOME           | DNI NÚM.  | MOTIVO EXCLUSIÓN | CELGA 3 ou equivalente | OBSERVACIÓNS                              |
|----|---------------------------|-----------|------------------|------------------------|-------------------------------------------|
| 1. | Galego Martínez, Sergio   | ***1255** | 3                | NON                    | Non achega a titulación esixida nas bases |
| 2. | Piñón Barreiro, Juan José | ***3773** | 3, 5             | SI                     | Solicitud presentada fóra de prazo.       |

Motivo da exclusión:

- 1.- Non achega ou cumprimenta debidamente o Anexo I ou III.
- 2.- Non achega copia do DNI, pasaporte ou equivalente lexible por ambas caras ou está caducado.
- 3.- Non achega a copia ou certificación acreditativa da titulación esixida (título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria, graduado/a escolar ou técnico/a auxiliar ou bacharelato elemental ou equivalentes) ou está incompleta.
- 4.- Non achega CELGA 3 ou equivalente.
- 5.- Solicitud presentada fóra de prazo

**QUINTO.-** Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que vulgarán o proceso selectivo referido aos/ás seguintes funcionarios/as, comunicándolles que o réxime de abstención e recusación fronte á designación do tribunal é o previsto nos artigos 23 e 24 da LRXSP (Lei 40/2015):

PRESIDENTE/A

TITULAR: Juan Miguel Martín Pérez, responsable da unidade de vías e obras do Concello de Fene

SUPLENTE: José Manuel Piñón Rey, chófer condutor do Concello de Fene

VOGAIS

TITULAR: Víctor Montes Pena, oficial albanel do Concello de Fene

SUPLENTE: José Manuel Faraldo Purriños, chófer palista do Concello de Fene

TITULAR: Juan Manuel Domínguez Martínez, oficial 1º do servizo da auga do Concello de Mugardos

SUPLENTE: Laura Couto Vilches, auxiliar administrativa do Concello de Fene

TITULAR: Marta Rodríguez Fernández, administrativa do Concello de Fene

SUPLENTE: Estefanía Lema Pacín, auxiliar administrativa do Concello de Fene

SECRETARIO/A

TITULAR: Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene

SUPLENTE: Ana María Santano Martínez, administrativa do Concello de Fene

**SEXTO.-** Convocar ao tribunal á súa sesión constitutiva que terá lugar na sala de comisións (cuarto andar) o día 24 de marzo ás 12:00 h.

**SÉTIMO.-** Publicar esta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, con indicación de que fronte a ela poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 17.03.2026 pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.

2026/1655